

Criterios avaliación 3º PEMAR.

8.2. Procedementos e instrumentos de avaliación

Os procedementos de avaliación que se van a empregar para avaliar o progreso dos alumnos no proceso de aprendizaxe, son os seguintes:

Probos escritas.

- As cuestións deberán contestarse razoadamente e expresalas correctamente.
- Os problemas deberán ser resoltos ordenadamente e obter resultados coherentes.
- Os cursos constan de tres avaliacións, e en cada avaliación dúas probas.

Observación sistemática:

Directa na aula.

- Concreción de conceptos.
- Resolución e cálculo dos problemas.
- Actitude positiva na adquisición de coñecementos.

Directa no laboratorio.

- Orde no lugar de traballo.
- Respecto aos produtos químicos perigosos e non perigosos, así como ao material de laboratorio.

Producións dos alumnos:

- Traballos ou actividades individuais realizadas na clase ou na casa.
- Traballos ou actividades en grupo realizadas na clase ou na casa.

Os instrumentos de avaliación son os documentos ou rexistros nos que se recollen os resultados da observación sistemática e do seguimento do proceso de aprendizaxe do alumno. Van a ser de dous tipos:

Producións dos alumnos:

- Probos escritas.
- Traballos ou actividades dos alumnos.
- Caderno de clase.

8.3. Concrecións metodolóxicas da materia

Os criterios metodolóxicos no ámbito científico e matemático son os que a continuación se expoñen:

- Detectar a situación de partida: ideas previas, estilo de aprendizaxe, etc. levarase a cabo mediante a avaliación inicial.
- Cambio conceptual, que se conseguirá con actividades de descubrimento dirixido. Estas serán variadas, algunhas máis memorísticas e outras máis procedimentais, co fin de contribuír a que os alumnos desenvolvan diferentes estratexias e habilidades de aprendizaxe, así como uns adecuados hábitos de estudo:
 - Esquemas ou resúmenes de temas ou partes de temas.
 - Exercicios realizados na clase ou na casa, que lles obriguen a construír os seus propios significados.
 - Actividades de búsqueda de información bibliográfica.

- Comunicación de resultados, preparando informes, resúmenes, contestando a preguntas teóricas de forma oral, ou expoñendo os traballos realizados en grupo o de forma individual.
- Ao rematar cada unidade didáctica, un alumno ou un grupo de alumnos, diferente para cada tema, realizará e expoñerá un resúmen da materia correspondente a dita unidade, resaltando as ideas fundamentais.
- Traballos en equipo, co fin de evitar a motivación baseada na excesiva competitividade e para potenciar o desenvolvemento dunha actitude cooperativa. Procurarase que a composición dos grupos sexa variada e cambiante para as distintas actividades.
- Explicacións teóricas que destaquen as ideas fundamentais e as relacionen cos coñecementos da vida cotiá. Procurarase, se é posible, apoiarse no visionado de diapositivas ou vídeos.
- Resolución dos exercicios e cuestións plantexadas na clase.
- Realización de pequenos proxectos, como son as prácticas de laboratorio.
- Actividades de recuperación para os alumnos que non superen as unidades didácticas. Programaranse exercicios ou traballos con diferentes graos de dificultade, que o alumno deberá ir presentando cando lle sexan requeridos. Tamén poderá realizar unha proba escrita relativa a ditas actividades.

8.4. Criterios de cualificación.

O curso está dividido en tres avaliacións. En cada unha delas, o alumno deberá facer probas escritas relativas aos contidos correspondentes nas cales pode haber teoría, cuestións e problemas.

As cuestións deberán contestarse razoadamente e os problemas deberán ser comentados nos seus diferentes pasos e os resultados acompañados das unidades correspondentes. A cualificación terá en conta non só a resolución correcta e a resposta, senón tamén o plantexamento e os comentarios

O alumnado deberá ter os deberes feitos, ordenados e ben presentados no caderno de clase, ter os resúmenes das actividades realizadas no laboratorio. Todas estas actividades deben estar na súa totalidade e perfectamente corrixidas.

En cada avaliación faranse 6 exames: 2 de Bioloxía, 2 de Física e Química e 2 de matemáticas. Haberá unha nota en cada materia que será a media dos dous exames

A nota da avaliación será a media entre as cualificacións das 3 materias que engloba o Ámbito: Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química e Matemáticas.

Valoraranse ademais o traballo diario, o traballo e cumprimento das normas de seguridade no laboratorio, así como os informes das prácticas realizadas.

A contribución de cada aspecto a valorar na nota final da avaliación será a seguinte:

- 80%: promedio dos resultados das probas escritas (exames de avaliación e/ou recuperación)

- 20%: promedio dos resultados dos proxectos, traballos, laboratorio:
 - 10%: Traballo individual e caderno.
 - 10%: Actividades grupais, traballos e laboratorio.

Considerarase positiva a cualificación de cada avaliación cando se obteña una nota igual ou superior a 5 puntos. Se unha proba escrita está puntuada con menos de 3 puntos non será compensada pola nota da outra proba e será necesario recuperala mediante un exame de contidos correspondente.

Se unha avaliación quedou suspensa, será necesario recuperala coa realización do exame correspondente.

Realizarase un **exame de recuperación** para cada avaliación, que incluírá exercicios e cuestións relativas aos temas tratados na avaliación correspondente. O alumnado que pretenda mellorar a cualificación da avaliación poderá presentarse ao exame de recuperación. No mes de xuño **realizarase un exame final** das avaliacións suspensas para aquel alumnado que teña como **mínimo** unha avaliación aprobada.

Se unha avaliación quedou suspensa, será necesario recuperala coa realización do exame correspondente. Realizarase un exame de recuperación para cada avaliación, que incluírá exercicios e cuestións relativas aos temas tratados na avaliación correspondente. O alumnado que pretenda mellorar a cualificación da avaliación poderá presentarse ao exame de recuperación.

No mes de xuño realizarase un exame final das avaliacións suspensas para aquel alumnado que teña como mínimo unha avaliación aprobada.

Concluídos os exames, incluídos os de recuperación, a cualificación final do curso obterase facendo a nota media das cualificacións obtidas nas tres avaliacións, sempre que a media non sexa inferior a 5 puntos e polo menos dúas avaliacións non teñan unha nota inferior a 5, caso no que non se fará a media e o alumno deberá examinarse de novo na convocatoria de setembro.

O alumnado que non supere a materia durante o período ordinario, poderá realizar a proba extraordinaria de setembro dos contidos de todo o curso.